



# **CONCELLO DE MESÍA (A CORUÑA)**

15685 XANCEDA C.I.F.: P-1504800 B Telf. (981) 68 70 01 – Fax 68 70 69

## **ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DO PLENO DO CONCELLO DE MESÍA CELEBRADA O DÍA 13 DE XANEIRO DE 2014.**

### **ALCALDE**

D. Mariano Iglesias Castro.

### **CONCELLEIRO/AS:**

PSdeG-PSOE:

D. Antonio Quindimil García.

D. Gervasio Sánchez Barreiro.

D. Iván Méndez García.

D<sup>a</sup> Pilar Sánchez Ulloa.

D. José María Tojo Espiñeira.

PP:

D. Severino Álvarez Monteserín.

BNG:

D. José Manuel Raposo López.

### **Non asisten e se excusan:**

PSdeG-PSOE:

D. José Fernando García Lesta.

D<sup>a</sup> María Amparo García Pernas.

PP:

D<sup>a</sup> María José Quindimil Suárez.

### **SECRETARIO - INTERVENTOR :**

D Eladio Bendaña Pardo.

En Mesía, a 13 de xaneiro de 2014, sendo as oito horas e corenta minutos, na Casa do Concello, logo da convocatoria para o efecto, reuníronse, en primeira e pública convocatoria, os señores concelleiros que se relacionan na marxe, co obxecto de celebrar sesión extraordinaria do Pleno.

A tódolos asistentes entregáraselles copia da Orde do Día, cos asuntos para tratar, poñéndose á súa disposición o expediente da sesión e cumprindo os trámites esixidos pola normativa vixente. Estando presente o quórum necesario, polo Sr. Alcalde declárase validamente constituída a sesión. Pásase a continuación a tratalos seguintes asuntos incluídos na Orde do Día:

## **1. ORZAMENTO XERAL 2014. ACORDOS QUE PROCEDAN.**

Abre a sesión o Sr. Alcalde dando conta da súa proposta, da que o seu teor literal di:

*“Visto o Proxecto dos Orzamentos Xerais do Concello para o exercicio económico 2014 formado por esta Alcaldía, de acordo co disposto no artigo 162 e seguintes do RDL 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, en concordancia co artigo 18 do Real Decreto 500/1990, e os documentos os que fai referencia o artigo 166 do Texto Refundido, informado pola Secretaría – Intervención deste Concello, e vista así mesmo a Lei orgánica 2/2012, de 27 de abril, de estabilidade orzamentaria e sostenibilidade financeira; e vista así mesmo a plantilla de persoal para o exercicio 2014, o Presidente da Corporación propón ó Pleno a adopción do seguinte acordo:*

*Primeiro. Aprobar inicialmente, de conformidade co establecido no artigo 112 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, e no artigo 168 do texto refundido, o Orzamento Xeral do concello de Mesía para o exercicio 2014, que inclúe as súas Bases de Execución e demais documentación preceptiva, incluíndo un teito de gasto de 1.093.325,87€, e que presenta, como*



# CONCELLO DE MESIA (A CORUÑA)

15685 XANCEDA C.I.F.: P-1504800 B Telf. (981) 68 70 01 – Fax 68 70 69

resumo por capítulos orzamentarios, o seguinte desglose. Ademais apróbase inicialmente a plantilla de persoal correspondente o exercicio 2014.

<b>A) INGRESOS, RESUMO POR CAPÍTULO</b>		
<b>1. OPERACIÓNS CORRENTES</b>		
CAPÍTULO I	IMPOSTOS DIRECTOS	293.000,00€
CAPÍTULO II	IMPOSTOS INDIRECTOS	28.000,00€
CAPÍTULO III	TAXAS E OUTROS INGRESOS	188.573,54€
CAPÍTULO IV	TRANSFERENCIAS CORRENTES	1.031.174,78€
CAPÍTULO V	INGRESOS PATRIMONIAIS	11.000,20€
<b>TOTAL OPERACIÓNS CORRENTES:</b>		<b>1.551.748,52€</b>
<b>2. OPERACIÓNS DE CAPITAL</b>		
CAPÍTULO VI	ENAXENACIÓN INVESTIMENTOS REAIS	0,00€
CAPÍTULO VII	TRANSFERENCIAS DE CAPITAL	352.539,66€
CAPÍTULO VIII	ACTIVOS FINANCEIROS	2.000,00€
CAPÍTULO IX	PASIVOS FINANCEIROS	0,00€
<b>TOTAL OPERACIÓNS DE CAPITAL:</b>		<b>354.539,66€</b>
<b>TOTAL ORZAMENTO XERAL</b>		<b>1.906.288,18€</b>

<b>B) GASTOS, RESUMES POR CAPÍTULO</b>		
<b>1. OPERACIÓNS CORRENTES</b>		
CAPÍTULO I	GASTOS DE PERSOAL	711.371,74€
CAPÍTULO II	GASTOS EN BENS CORRENTES E SERVIZOS	635.861,60€
CAPÍTULO III	GASTOS FINANCEIROS	1.500,00€
CAPÍTULO IV	TRANSFERENCIAS CORRENTES	40.750,51€
<b>TOTAL OPERACIÓNS CORRENTES:</b>		<b>1.389.483,85€</b>
<b>2. OPERACIÓNS DE CAPITAL</b>		
CAPÍTULO VI	INVESTIMENTOS REAIS	497.936,89 €
CAPÍTULO VII	TRANSFERENCIAS DE CAPITAL	0,00€
CAPÍTULO VIII	ACTIVOS FINANCEIROS	2.000,00€
CAPÍTULO IX	PASIVOS FINANCEIROS	16.867,44€
<b>TOTAL OPERACIÓNS DE CAPITAL:</b>		<b>516.804,33€</b>
<b>TOTAL ORZAMENTO XERAL</b>		<b>1.906.288,18€</b>

INGRESOS:

TOTAL OPERACIÓNS NON FINANCEIRAS: 1.904.288,18€

TOTAL OPERACIÓNS FINANCEIRAS: 2.000,00€

GASTOS:

TOTAL OPERACIÓNS NON FINANCEIRAS: 1.887.420,74€

TOTAL OPERACIÓNS FINANCEIRAS: 18.867,44€

PLANTILLA DE PERSOAL DO CONCELLO DE MESÍA

A) FUNCIONARIOS DE CARREIRA

Funcionarios	Nº de Prazas	Grupo	Escala o Sector	Nivel	Situación
Secretario- Interventor	1	A1/A2	HE	28	Propiedade



# CONCELLO DE MESÍA (A CORUÑA)

15685 XANCEDA C.I.F.: P-1504800 B Telf. (981) 68 70 01 – Fax 68 70 69

Administrativo	1	C1	A.Xeral	22	Propiedade
Administrativo	1	C1	A. Xeral	20	Propiedade
Subalerno	1	E	A.Xeral	14	Propiedade

## B) PERSOAL LABORAL TEMPORAL

Denominación	Nº de Prazas	Vacantes
Técnico especialista en redes	1	0
Peón-condutor	2	0
Asistente domiciliaria	1	0
Encargada da limpeza	1	0
Limpadora	2	0
Conserxe do colexio	1	0
Peón	2	1
Auxiliar axuda no fogar	14	1
Monitor deportivo	1	1
Traballadora social	1	0
Educadora familiar	1	0
Auxiliar servizos sociais	2	0
Técnico de emprego	1	0
Animador deportivo	1	0
Socorristas	2	2

*Segundo.- Expor o público o expediente e darlle a publicidade establecida no artigo 169 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, publicando o pertinente anuncio no BOP e no taboleiro de anuncios do concello, ós efectos de que no prazo dos quince días seguintes a súa publicación poidan examinalo os interesados e presentar as reclamacións que estimen oportunas.*

*Terceiro.- O presente acordo entenderase aprobado definitivamente se durante o prazo de exposición ó público non se presentan reclamacións. Neste caso procederase a súa publicación, debidamente resumido por capítulos, no BOP. Si se presentasen reclamacións, serán resoltas polo Pleno*

*En Mesía, a 8 de xaneiro de 2014. O ALCALDE, Asdo. Mariano Iglesias Castro."*

Manifesta o Sr. Alcalde que este ano preséntase un orzamento equilibrado por importe de 1.906.288,18€, que conta con todos os documentos preceptivos, cumpre coas esixencias legais e os condicionantes da lei de estabilidade orzamentaria, e que supón un 1,5%, é dicir, uns vinte oito mil euros menos que o do pasado exercicio, debido fundamentalmente, á diminución das aportacións supramunicipais.

En canto aos ingresos, calculáronse, con carácter xeral, segundo os ingresos que tivemos nos exercicios anteriores. No capítulo I prevense 293.000,00€, o que supón un incremento de 20.000,00€ no imposto sobre bens inmobles respecto ao ano pasado, o que é debido a que solicitouse unha actualización de valores catastrais, tendo en conta que a última revisión é do ano 1995, e iso vai supoñer que moita xente que antes non pagaba agora vai pagar, e ademais producíronse cambios na clasificación do solo coa aprobación



# **CONCELLO DE MESÍA (A CORUÑA)**

15685 XANCEDA C.I.F.: P-1504800 B Telf. (981) 68 70 01 – Fax 68 70 69

do Plan Xeral, ó que tamén suporá un incremento de recadación, sen prexuízo de que tamén temos a intención de baixar o tipo impositivo do Estado. No capítulo II prevense 28.000,00€, cun incremento de 5.000,00€ no Imposto de obras, debido ó impulso á construción proporcionado polo Plan Xeral. No capítulo III, taxas e outros ingresos, prevense 188.573,54€, o que supón un incremento de 2.000,00€ respecto do pasado exercicio. Aquí recóllense, entre outras, as taxas por recollida de lixo, fisioterapia, podoloxía, deportes ou axuda no fogar. No capítulo IV, transferencias correntes, prevense 1.031.174,78€, 82.000,00€ menos que o pasado exercicio, debido á merma de subvencións doutras administracións ou á finalización dalgún proxecto, como o do Plan Xeral. Tamén debe terse en conta, como xa lles comentei na pasada sesión plenaria, que este ano adícase máis cantidade a inversión e menos a gasto corrente no Plan Provincial de Obras e Servizos . No capítulo V estímense 11.000,20€ en réditos de contas bancarias e alugueres de locais municipais. O total de ingresos por operacións correntes ascende a 1.551.748,52€, diminuíndo en 55.000,00€ respecto do pasado exercicio. En canto ás operacións de capital destacar as transferencias de capital por importe de 352.539,66€, que se reducen en 26.000,00€ respecto do pasado exercicio.

En canto aos gastos, no capítulo I, gastos de persoal, 711.371,74€, supoñen un 37% do total, reducíndose 23.000,00€ os gastos do pasado exercicio debido fundamentalmente a que non se contempla o electricista, que se xubilou o pasado ano, e considérase que, debido ás actuacións e melloras realizadas neste ámbito, podería ser suficiente un mantemento puntual das instalacións cun servizo externo á espera de ver como evoluciona durante o ano. Mantense con carácter xeral a conxelación de salarios. No capítulo II, que se reduce en 32.000,00€ respecto do pasado exercicio, contémplanse todos os gastos de funcionamento, reparacións, mantementos, material, subministros, luz ou gasóleo, entre outros. Foise reducindo gasto en virtude do aforro xerado en cada unha das partidas. No capítulo III contémplanse 1.500,00€ para o pago dos intereses da débeda, que de acordo coa estimación do banco ascende este ano 978,22€, pero sempre se deixa un marxe cara arriba por si se producen flutuacións nos intereses, xa que si ao final a previsión non fora suficiente obrigaríanos a facer unha modificación orzamentaria. No capítulo IV, similar ao do pasado exercicio, contémplanse as aportacións municipais ao programa “xantar na casa”, os gastos de emerxencia social, as subvencións aos equipos de fútbol ou a aportación á mancomunidade de Ordes. O total do gasto por operacións correntes ascende a 1.389.483,85€, o que, en relación cos ingresos por operacións correntes, permítenos destinar 162.000,00€ a gastos de capital. O capítulo VI recolle o gasto de inversións, que ascende a 497.936,89€ e supón o 26% do orzamento. Incrementamos en 28.000,00€ a inversión do ano pasado. Máis adiante detallareilles o anexo de inversións. No capítulo VIII prevense 2.000,00€ como todos os anos para o suposto de anticipo de nóminas ao persoal. No capítulo IX recóllese a amortización anual do préstamo, 16.867,44€. Temos pendentes 185.541,81€ ata o ano 2024. O concello estaría actualmente en disposición de amortizar integramente a débeda, pero ata o día de hoxe era máis rentable o que cobrábamos por intereses dese diñeiro que os intereses a pagar polo préstamo. Agora xa non é tan rentable e falei coa entidade bancaria, pero amortizar anticipadamente custaríanos tanto como os intereses dos dez anos que nos quedan. En todo caso, e sen



## **CONCELLO DE MESÍA (A CORUÑA)**

15685 XANCEDA C.I.F.: P-1504800 B Telf. (981) 68 70 01 – Fax 68 70 69

prexuízo dos axuste de fin de exercicio, a trinta e un de decembro tíñamos en bancos 908.000,00€.

En canto ao anexo de inversións, que se incrementa en 26.000,00€ respecto do ano pasado, 145.000,00€ son fondos propios, a Xunta de Galicia aporta 86.000,00€ e a Deputación 264.000,00€. Prevense 20.000,00€ para obras en materia de urbanismo; o acondicionamento dun lavadoiro en Meilán, Olas, por importe de 2.597,62€, unha canalización no campo da festa de San Antonio por 14.258,05€, as dous financiadas pola Deputación; a adquisición de contenedores por 4.624,90€, dos que 3.699,92€ os aporta Deputación e o resto o concello; un sistema térmico para o campo de fútbol de Visantoña por 29.750,56€, dos que 24.587,24€ os aporta a Xunta e o resto o concello; un muro por importe de 6.000,00€ nese campo de fútbol, co fin de reforzalo fronte aos temporais, que este ano causaron desperfectos nas instalacións; o acondicionamento da grada de dito campo por 5.775,91€, financiados pola Deputación; uns camiños en Visantoña por 27.177,63 €, financiados tamén pola Deputación; unha partida xenérica de 100.000,00€ para infraestrutura viaria, co fin de atender as necesidades que vaian xurdindo co mal de inverno que tantos perxuízos nos causou este ano, e que non ven acoutado porque esas reparacións non se poden prever; o camiño de Mou a Coba de Vales por importe de 74.431,66€, dos que 61.513,77€ os aporta a Xunta e o resto o concello; e un arranxo no local de Boado por 3.078,18€ que aporta a Deputación, ademais das obras que van incluídas no Plan Provincial de Obras e Servizos e que xa comentei no pasado Pleno.

No anexo de persoal, que se mantén o do pasado exercicio, xa comentei antes a supresión do electricista, e engadir agora que dúas prazas de peón a seis meses reconvértense a unha durante todo o ano.

En resumo, este é o orzamento que nos parece máis axeitado, cumprindo con todos os condicionantes legais e tendo en conta quen somos, dado o carácter subsidiado que ten o noso concello respecto das aportacións doutras administracións públicas. Os números falan por si sos. Somos prudentes no gasto tratando sempre de atender os servizos que estamos a prestar. Cumprimos coa estabilidade orzamentaria, non temos plan de axuste, cumprimos cos provedores e temos tesourería. Facemos ademais orzamentos sostibles no tempo que executamos en porcentaxe moi alto. Destinamos máis de 240.000,00€ a servizos sociais, dos que o concello pon o 32%. Coido que son uns orzamentos razoables para os que, coma sempre, pido o seu apoio. Paso a palabra aos voceiros municipais.

Manifesta o Sr. Raposo que o orzamento está claro, non teño nada que preguntar.

Manifesta o Sr. Álvarez que agradezo a súa explicación, lamento como vostede a escasa capacidade de xerar ingresos, pero as administracións locais están pasando polo que están pasando. Felicítoo pola súa sensatez e pola explicación para gastar o pouco que hai. Son as contas do seu grupo e non teño nada máis que dicir.

Non habendo máis intervencións, sométese o asunto a votación, co seguinte resultado: seis votos a favor, correspondentes aos concelleiros presentes do PSdeG-PSOE,



# **CONCELLO DE MESIA (A CORUÑA)**

15685 XANCEDA C.I.F.: P-1504800 B Telf. (981) 68 70 01 – Fax 68 70 69

e dous abstencións, unha correspondente ao concelleiro presente do PP, e outra correspondente ao concelleiro do BNG.

Non habendo máis intervencións nin asuntos que tratar, o Sr. Alcalde, sendo as nove horas e trinta minutos, levanta a sesión, da que eu, Secretario – Interventor, certifico.

Visto e Prace,